

Retroceso histórico en materia de negociación colectiva

■ O Goberno converte en preferente o convenio de empresa, favorecendo a posición negociadora da patronal



Imaxe dunha reunión de representantes de CCOO e UGT no Ministerio de Trabajo

Comisións Obreiras (CCOO) rexeita a reforma da negociación colectiva imposta unilateralmente polo Goberno por ser «profundamente desequilibrada» e por xerar «aínda máis» indefensión para o conxunto dos traballadores e das traballadoras.

O secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO, Xosé Manuel Sánchez Aguión, denuncia que o decreto aprobado polo Consello de Ministros representa un «retroceso histórico» para a negociación colectiva.

■ O GOBERNO CONTINÚA FACÉNDOLLE CONCESIÓNS Á PATRONAL

NOVO REGULAMENTO DOS ERE

Na mesma reunión do pasado 10 de xuño na que o Consello de Ministros acordou reformar a negociación colectiva, o Goberno tamén aprobou o novo regulamento dos expedientes de regulación de emprego (ERE).

Este acepta as perdas previstas pola empresa —tanto as transitorias como

as de carácter permanente— como causa para a presentación de expedientes de extinción con despedimento de 20 días de salario por ano traballado.

CCOO denuncia a «actitude covarde» do Executivo por aprobar «con premeditación, nocturnidade e aleivosía» este cambio normativo.

CLAVES DA REFORMA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA IMPOSTA POLO GOBERNO

1) Dáselles preponderancia aos convenios de empresa en lugar de aos de ámbito superior

No relativo á xerarquía ou estrutura da negociación colectiva, CCOO rexeita que se lles dea preferencia aos convenios de empresa cando exista concorrencia cos de ámbito superior. Invétese, pois, a actual xerarquía normativa, na que os convenios provinciais, sectoriais ou intersectoriais marcan as con-

dicións mínimas que non se poden rebaixar na negociación na empresa.

A partir de agora si poderán ser obxecto de negociación no ámbito inferior cuestións como: **salario base e complementos, retribución das horas extraordinarias** ou a **clasificación profesional**. Para Comisións, este



novo marco conduce «inexorablemente» á individualización das condicións de traballo, profundiza no «sálvese quen poida» e provoca un «retorno á xungla».

2) Posición vantaxosa da empresa para negociar temas de flexibilidade

Canto á flexibilidade, o decreto marca un 5% da xornada total anual a libre disposición da empresa en caso de que non se chegue a un acordo cos traballadores e traballadoras.

Ademais, a mobilidade funcional, que estaba limitada polo Estatuto dos Traballadores, ábrese agora como materia a tratar na negociación colectiva.

Isto abre un espazo de negociación que antes tiña límites legais que favorecerían o traballador ou traballadora,



Foto: Sfer (Flickr)

pero que agora é substituído por un novo marco que lle outorga posición de forza á parte empresarial.

REFORZAR A POSICIÓN NEGOCIADORA DO SINDICATO

Para paliar as consecuencias do decreto imposto polo Goberno, CCOO reforzará a súa posición negociadora nos ámbitos provincial, sectorial e intersectorial. Procurará que sexa nestes onde se fixen os mínimos nas materias máis importantes: salario, clasificación profesional, etc.

3) Intromisión na negociación

Para CCOO, unha das materias fundamentais da negociación colectiva é a ultraactividade, isto é, a prórroga automática dun convenio caducado mentres non se aprobe un novo.

A reforma, porén, limitará a ultraacti-

vidade en función da duración do convenio. Daquela, no caso dos convenios cunha **duración inferior aos dous anos**, a prórroga será de **oito meses**; nos de duración **superior a dous anos, catorce meses**. Pasado ese

tempo de prórroga do convenio, as partes deben someterse a unha arbitrase obrigatoria.

Para CCOO, a figura da arbitrase voluntaria roza a inconstitucionalidade, pois vulnera a autonomía das partes. Ademais, transforma un espazo de diálogo como é a negociación colectiva nun espazo intervido pola Administración.